



**EXPEDIENTE M1/2021, DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS
EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS DE CRÉDITO,
BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS, RELACIÓN
DE INVESTIMENTOS E DE ANEXO DE SUBVENCIONES
NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE 2021
(PRORROGADO DO 2020)**

EXPEDIENTE M1/2021, DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, BAIXAS POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS, RELACIÓN DE INVERSIONES E DE ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE 2021 (PRORROGADO DO 2020)

MEMORIA DA ALCALDIA

I.- ÓRGANO COMPETENTE

Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local o presente expediente M1/2021, de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos, Relación de Inversiones e de Anexo de Subvencions Nominativas do orzamento de 2021, prorrogado do exercicio 2020 nos seus créditos iniciais, motivado pola emerxencia sanitaria, social e económica que estamos a padecer debido á pandemia da COVID-19.

É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e coa Base de Execución núm. 7 das do Orzamento do Concello da Coruña. Será sometido posteriormente á aprobación do pleno da corporación municipal.

II.- CONTEXTO SANITARIO, SOCIAL E ECONÓMICO DETERMINADO POLA PANDEMIA DA COVID-19

II.1.- A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19 a categoría de pandemia. A rapidez na evolución dos contaxios, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta conxuntura.

A expansión da COVID-19 xerou unha crise sanitaria sen precedentes recentes e dunha magnitude tal no canto da cidadanía afectada e polo risco para os seus dereitos.

Para a loita contra a ameaza pandémica, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, declaración que afectou a todo o territorio nacional, cunha duración inicial de quince días naturais, pero que foi obxecto de sucesivas prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados ata o 21 de xuño de 2020.

Esta primeira onda da pandemia trouxo como consecuencia un enorme descenso na actividade económica a nivel estatal, cunha caída do PIB do 18,5%, cifra nunca antes alcanzada na historia desde que existen rexistros, e desencadeou a aparición da maior crise económica e social, que obrigou e obriga a recorrer a verdadeiros equilibrios malabares entre a adecuación das medidas sanitarias e a salvagarda da estrutura socioeconómica.

II.2.- O levantamento do estado de alarma inicial non trouxo consigo o final da crise sanitaria. De feito, entre finais do verán e o outono fixo a súa irrupción unha segunda onda da pandemia, que obrigou ao Consello de Ministros a declarar, mediante o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, un segundo estado de alarma para conter a propagación das infeccións causadas polo SARS-CoV-2, o cal foi autorizado e prorrogado polo Congreso dos Deputados ata o 9 de maio de 2021.

En Galicia, ademais do mantemento da declaración de situación de emerxencia sanitaria, adoptáronse, ao abeiro da lexislación sanitaria, ordinaria e orgánica, medidas de prevención tanto de carácter xeral, para todo o territorio galego, como de maneira específica, a través de diferentes ordes do titular da Consellería de Sanidade, en atención á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria en puntos concretos da xeografía autonómica.

Así, o 30 de outubro, por medio do Decreto 178/2020, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, decretáronse, entre outras medidas, a restrición de entrada e saída de persoas no ámbito territorial delimitado de forma conxunta polos concellos da Coruña e Arteixo.

Desde entón producíronse actualizacións dos peches perimetrais e das devanditas restricións, que afectaron, entre outras, a determinadas actividades económicas, especialmente aos sectores da hostalería e do comercio, coas conseguíntes e nefastas consecuencias económicas e sociais que levan aparelladas as ditas limitacións.

Desde o mes de xaneiro, a cidadanía soporta os devastadores efectos dunha terceira onda da pandemia, que está a causar estragos entre a poboación pola súa virulencia. Paralelamente, a irrupción das novas variantes da COVID-19 (cepas británica, sudafricana e brasileira) incrementa a preocupación ante as consecuencias que está a traer consigo a devandita propagación do virus, mentres autoridades e cidadanía en xeral depositan a súa confianza no éxito das campañas de vacinación que se están a desenvolver.

Esta situación levou ao presidente da Comunidade Autónoma de Galicia a adoptar, a través do Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, novas medidas no conxunto do territorio galego para facer fronte á crise sanitaria: definición de novos peches perimetrais,



redución de reunións e contactos persoais a conviventes, restricións nos horarios e usos dos establecementos de hostalería e comercio e recomendacións de redución ao máximo da mobilidade da poboación para atallar e conter o virus.

II.3.- A cidade da Coruña non é allea á extraordinaria situación sanitaria, económica e social que estamos a padecer e as súas consecuencias virán determinadas tanto pola conxuntura global coma pola incidencia que a COVID-19 presente no propio municipio, coas especificidades que lle correspondan.

Desde o comezo da pandemia o Concello da Coruña abandeirou a adopción de medidas desde a Administración local para loitar contra a pandemia e as consecuencias socioeconómicas derivadas da mesma.

Así, este Concello, entre outras, adoptou as seguintes **decisións** para paliar a crise sanitaria e socioeconómica:

- Os decretos de Alcaldía, asinados o 12 de marzo de 2020, sobre declaración de extraordinaria e urxente necesidade para facer fronte aos riscos derivados da pandemia da COVID-19, e sobre medidas excepcionais, que incluía o peche de centros, instalacións e actividades municipais, publicados ambos os dous no BOP número 51, do 16 de marzo de 2020.

- A Instrución de Medidas fiscais, de 27 de marzo de 2020, adoptada polo Concello da Coruña con ocasión da pandemia da COVID-19, e asinada polo concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior (P.D. Decreto de Alcaldía do 12 de marzo de 2020).

- A Instrución en relación ás prestacións derivadas dos contratos públicos no sector público municipal do Concello da Coruña, con ocasión da Covid-19: aplicación do Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, asinada polo concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior o 24 de marzo de 2020 (P.D. Decreto de Alcaldía do 12 de marzo de 2020).

- O modificativo M2/2020 para a posta en marcha do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO), aprobado por unanimidade do pleno da corporación municipal o 1 de xuño de 2020, ao abeiro do trámite especial previsto no artigo 177.6 do TRLFL e con eficacia inmediata. O PRESCO constitúe o instrumento deseñado e posto en marcha polo Concello da Coruña para atallar coa maior axilidade posible os efectos da COVID-19, cos obxectivos de contribuír ao mantemento do tecido socioeconómico da cidade, proporcionándolle recursos; atender as persoas con maiores dificultades sociais e mellorar os servizos públicos municipais, garantindo unha atención cidadá segura.

O M2 dispuxo unha dotación orzamentaria por importe de 13.276.416,2 € para a realización do mencionado Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO) que, tal e como reflicte a Memoria da Alcaldía dese expediente, comporta



"a realización de gastos específicos e determinados cuxa efectividade non se considera posible demorar ata o próximo exercicio, ante a emerxencia social e económica ocasionada pola pandemia da COVID-19 e as medidas de contención tomadas para combatela".

- O Decreto de Alcaldía do Concello da Coruña do 13 de novembro de 2020, que declara a continuidade da situación de extraordinaria e urxente necesidade sanitaria, social e económica como consecuencia da pandemia, e resolve adoptar as medidas precisas para garantir a seguridade e a salubridade públicas, o funcionamento dos servizos imprescindibles e establece a aplicación do procedemento extraordinario de contratación para resolver as necesidades existentes derivadas directa ou indirectamente da COVID-19.

- Actuacións singulares de orde social, entre outras:

1. Decreto polo que se prorrogan e se outorga unha moratoria nos alugueiros sociais municipais do Concello da Coruña, motivada pola emerxencia sanitaria ao abeiro do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19 (BOE núm. 91, do 1 de abril de 2020).

2. Habilitación do pavillón de Riazor como refuxio para persoas sen fogar no xerme da pandemia e o establecemento dun servizo de hospedaxe para o aloxamento de emerxencia de persoas sen fogar (PSF) en situación de rúa, durante a vixencia das medidas de prevención ditadas polas autoridades sanitarias para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-Cov-2, a partir do novo estado de alarma declarado para conter a propagación da enfermidade.

En calquera caso, todas as medidas son necesarias e nunca suficientes dabondo se observamos a especial virulencia da COVID-19 na cidade, xa que desde o comezo da pandemia se mantivo por riba, en número de casos, respecto doutras cidades e áreas sanitarias de Galicia, cun incremento constante da presión hospitalaria.

Así, a área sanitaria da Coruña presentou, o día 24 de xaneiro de 2021, unha taxa de incidencia a 14 días de case 700 casos por cen mil habitantes, o que significa unha suba de 1,4 veces respecto dos datos dos informes anteriores.

A data 15 de febreiro de 2021 a taxa de incidencia a 14 días está a baixar. Sen embargo, a presión hospitalaria e de ingresos nas UCI da cidade, aínda que en claro retroceso, segue a ser moi elevada.

En consecuencia, a resposta, dentro das ferramentas e competencias das que dispón esta Administración local, debe ser o máis áxil que permitan os procedementos administrativos.



II.4.- Os efectos da crise sanitaria na conxuntura económica:

As medidas orzamentarias previstas para o presente 2021 veñen determinadas polos efectos que está a ter a pandemia, consecuencias que non só afectarán a este exercicio, senón que probablemente condicionarán o resto do mandato municipal 2019-2023, dada a evolución e os efectos que se están a visualizar no ámbito sanitario, económico e social.

A nivel estatal, produciuse no ano 2020 unha caída do PIB real do 11%, contracción marcada pola intensa perda de actividade rexistrada no primeiro semestre. Para 2021 prevese que a economía española presente un crecemento inercial do 7,2% e unha taxa de paro do 16,9%. Esta previsión, segundo o Goberno de España, non incorpora os efectos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que pode chegar a impulsar en máis de dous puntos adicionais o crecemento en 2021, de forma que alcance o 9,8%, o que permitiría reducir a taxa de paro ata o 16,3%.

Polo tanto, as proxeccións para a economía están suxeitas a unha incerteza aguda e aínda persisten riscos considerables que provocarán que os niveis de crecemento sexan peores do proxectado, tendo en conta o desenvolvemento da pandemia. Existen factores sanitarios e económicos que son dificilmente predicibles: a evolución da pandemia e a resposta ante as novas cepas e impactos; a magnitude dos efectos da debilidade da demanda, do descenso do turismo e da redución das remesas, e o ánimo dos mercados financeiros e as súas implicacións, entre outros indicadores.

A crise económica afecta ao conxunto da sociedade e do tecido produtivo. Aínda así, non cabe dúbida de que resulta máis devastadora nas persoas con menos recursos, que se sitúan en risco de exclusión. A incidencia do coronavirus é asimétrica en tanto que ten maior impacto en determinados grupos de poboación e colectivos sociais, económicos, etc.

Acudir en auxilio dos grupos máis necesitados e das organizacións civís que lle dan soporte esixe accións concretas a curto prazo. Iniciativas como as tomadas coa tramitación deste expediente, no que se incrementan particularmente, a través da modificación dos convenios nominativos, os recursos económicos destinados ás entidades que conforman o denominado terceiro sector, que loitan en primeira liña e cunha capacidade de resposta inmediata á hora de paliar as consecuencias da pandemia. Todas estas accións resultan compatibles con outras medidas que se irán adoptando nas próximas datas, facendo uso para iso dos mecanismos legais de flexibilización e axilización de trámites.

III.- TRAMITACIÓN EXCEPCIONAL DA MODIFICACIÓN PREVISTA AO ABEIRO DO ARTIGO 177.6 DO TRLFL

A tramitación deste expediente de modificación M1/2021 efectúase no marco da situación pandémica que estamos a vivir pola incidencia da COVID-19, que se reflicte en distintas medidas extraordinarias de carácter normativo ou de gobernanza para facer fonte á crise sanitaria, económica e social, algunhas delas xa mencionadas:

- O Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, do Consello de Ministros polo que se declarou o segundo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2, e o acordo do 29 de outubro de 2020 do Congreso dos Deputados que autorizou a prórroga do estado de alarma ata o 9 de maio de 2021.
- A suspensión temporal por parte da Comisión Europea dos obxectivos de déficit e débeda pública para 2021, tras activar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de estabilidade e crecemento que propiciou a proposta do Goberno do Estado de suspender as regras fiscais e que aprobou o pleno do Congreso dos Deputados o 20 de outubro de 2020, en aplicación do artigo 135.4 da Constitución Española, co obxectivo de que todas as administracións públicas puideran poñer a totalidade dos seus recursos ao servizo dos cidadáns e desenvolver dese xeito políticas de estímulo económico na loita contra a enfermidade.
- Os diferentes reais decretos leis que o Consello de Ministros aprobou ao longo do ano 2020 coa finalidade de implementar medidas extraordinarias para paliar os efectos da pandemia. Entre outros e fundamentalmente, o Real decreto-lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder fronte ao impacto económico da COVID-19 e o Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do coronavirus, sen prexuízo doutros textos legais complementarios e sectoriais.
- A execución do artigo 124.4.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece a competencia da alcaldesa para adoptar as medidas necesarias e adecuadas en casos de extraordinaria e urxente necesidade, dando conta inmediata ao pleno, e polo cal, en uso da súa exclusiva facultade, determinou o antedito Decreto de Alcaldía do 13 de novembro de 2020 sinalado no apartado II.3 desta memoria.

Nesta contorna de disposicións normativas, xunto con decisións de orde institucional e administrativo, no marco das competencias municipais que nos asisten e na necesidade de tomar medidas inmediatas para paliar o dano sanitario, social e económico desta pandémica situación, xustifícase a tramitación excepcional de emerxencia desta modificación do Anexo de Subvencións Nominativas ao abeiro do artigo 177.6 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), posto que na aplicación das normas debe terse presente a realidade social en presenza (artigo 3.1 do Código Civil). Este texto di: "As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e legislativos, e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e á finalidade daquelas".

Pola súa banda, o devandito artigo 177.6 do TRLFL establece:

“Os acordos das entidades locais que teñan por obxecto a habilitación ou suplemento de créditos en casos de calamidades públicas ou de natureza análoga de excepcional interese xeral serán inmediatamente executivos, sen prexuízo das reclamacións que contra eles se promoveran, as cales deberán sustentarse dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro do devandito prazo”.

No mesmo sentido, o 38.4 do RD 500/1990, de 20 de abril, establece:

“Os acordos das entidades locais que teñan por obxecto a concesión de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito, en casos de calamidade pública ou de natureza análoga, de excepcional interese xeral, serán inmediatamente executivos sen prexuízo das reclamacións que contra os mesmos se promovan. As ditas reclamacións deberán sustentarse dentro dos oito días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas de non notificarse a súa resolución ao interesado dentro de devandito prazo (Artigo 158.6, LRHL)”.

IV.- FINANCIAMENTO

Este modificativo finánciase, consonte ao establecido no artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL), cos seguintes recursos:

Con cargo a 10 baixas de crédito, por un importe total de oitocentos trinta e tres mil trescentos quince euros con setenta e cinco céntimos (833.315,75€).

V.- CONCLUSIÓNS

Por canto vai dito, procede aprobar o proxecto de expediente M1/2021, de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito, baixas por anulación de créditos, relación de investimentos e de anexo de subvencións nominativas do orzamento de 2021, prorrogado do 2020 nos seus créditos iniciais, para a súa posterior aprobación polo pleno da corporación municipal. O devandito expediente resúmese nas seguintes magnitudes e determinacións:

1. Modifícase o estado de gastos do Orzamento 2021, prorrogado de 2020, mediante concesión de dous créditos extraordinarios, nove suplementos de crédito, e dez baixas por anulación de crédito. Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M1/2021” que se incorpora ao expediente.
2. Distribúese o financiamento procedente das baixas por anulación de crédito. Todo iso reflectido no listado “Expediente M1/2021. Financiamento”.
3. Modifícase a Relación de Investimentos do Orzamento de 2021, derivada da asignación da finalidade específica ao crédito incluído no orzamento prorrogado que se tramita neste expediente, detallada na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M1/2021. Relación de Investimentos”.

4. Modifícase o Anexo de Subvencións nominativas do orzamento vixente, prorrogado do exercicio 2020 nos seus créditos iniciais, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M1/2021. Anexo de Subvencións nominativas".

5. Tramítase o expediente coa máxima celeridade posible, en atención á situación de pandemia sanitaria e de crise económica e social á que o conxunto da sociedade e os poderes públicos debemos facer fronte.

INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS

I	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	765.315,75
II	CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	68.000,00
	TOTAL INCREMENTOS ESTADO GASTOS	833.315,75

MINORACIÓN NO ESTADO DE GASTOS

I	BAIXAS POR ANULACIÓN	-833.315,75
	TOTAL MINORACIÓN ESTADO GASTOS	-833.315,75

VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS 0,00

VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS 0,00

DISTRIBUCION NETA DAS MODIFICACIÓN POR CAPITULOS DE GASTO

CAPÍTULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	0,00
II	Gastos correntes en bens e servizos	-602.815,75
III	Gastos financeiros	0,00
IV	Transferencias correntes	602.815,75
V	Fondo de Continxencia e outros	0,00
OPERACIÓN CORRENTES		0,00
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓN DE CAPITAL		0,00
TOTAL		0,00



DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE INGRESOS

CAPÍTULO		IMPORTE
I	Impostos directos	0,00
II	Impostos indirectos	0,00
III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	0,00
IV	Transferencias correntes	0,00
V	Ingresos patrimoniais	0,00
OPERACIÓNS CORRENTES		0,00
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
OPERACIÓNS DE CAPITAL		0,00
TOTAL		0,00

A Coruña, a 18 de febreiro de 2021

Inés Rey García
A alcaldesa

EXPEDIENTE M1/2021 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS E BAIXAS DE CRÉDITO, APROBAR RELACIÓN DE INVERSIONES E APROBAR E VINCULAR ORZAMENTARIAMENTE O ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2021.

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M1/2021 de suplementos de crédito, de créditos extraordinarios, baixa de crédito e modificación de anexo de subvenciones nominativas, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se acompaña.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2020 prorrogadas para o 2021, constitúen o réxime legal a que someterase a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada “Dos créditos e as súas modificacións”, artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2020 prorrogadas para o 2021, establece o carácter preceptivo do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME.

I.- Antecedentes, exame orzamentario e de estabilidade.

O expediente que agora se somete á Corporación supón 10 baixas de crédito, por un importe total de oitocentos trinta e tres mil trescentos quince euros con setenta e cinco céntimos (833.315,75€), que financian dous créditos extraordinarios, por importe de sesenta e oito mil euros (68.000,00€) e nove suplementos de crédito por importe de setecentos sesenta e cinco mil trescentos quince euros con setenta e cinco céntimos (765.315,75€), así como a aprobación e vinculación orzamentaria do anexo de subvenciones nominativas con cargo os créditos do capítulo IV do estado de gastos prorrogado máis as modificacións de crédito que neste expediente propónse a aprobación, e aprobación de relación de investimentos.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos créditos extraordinarios e suplemento equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I.- ALTAS. (€)

Suplementos de crédito	765.315,75
Créditos Extraordinarios	68.000,00
Total altas de créditos	833.315,75

II.- FINANCIAMIENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO. (€)

Baixas de crédito	833.315,75
Total financiamiento	833.315,75

Por tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Tamén hai que ter en conta que se trata dunha modificación sobre un orzamento prorrogado. De conformidade co artigo 169.6 do TRLRFL é posible modificar o orzamento prorrogado a través de créditos extraordinarios e suplementos de crédito. Así o dispón o citado artigo cando di:

*“6. Si al iniciarse el ejercicio económico no hubiese entrado en vigor el presupuesto correspondiente, se considerará automáticamente prorrogado el del anterior, con sus créditos iniciales, **sin perjuicio de las modificaciones que se realicen conforme a lo dispuesto en los artículos 177, 178 y 179 de esta ley** y hasta la entrada en vigor del nuevo presupuesto. La prórroga no afectará a los créditos para servicios o programas que deban concluir en el ejercicio anterior o que estén financiados con crédito u otros ingresos específicos o afectados”*

Tamén o artigo 21.5 do Real Decreto 500/1990, que desenvolve a Lei de Facendas Locais en materia orzamentaria, dispón que:

“En tanto no se aprueba el Presupuesto definitivo, el prorrogado puede ser objeto de cualquiera de las modificaciones previstas en la ley”.

O artigo 177 da Lei de Facendas Locais é o que regula o réxime das modificacións de créditos extraordinarios e suplemento de créditos sen ningunha especialidade para os Orzamentos Prorrogados.

Polo anterior, en relación cos suplementos de crédito e créditos extraordinarios, no expediente dáse tamén cumprimento formal ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamiento das modificacións dos créditos citados o seguinte:

“El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone. Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos y mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio. “

En termos de estabilidade orzamentaria, a nivel de créditos definitivos e previsións definitivas, está a financiarse un gasto non financeiro cun ingreso no financeiro polas baixas de crédito polo que

non afecta a estabilidade orzamentaria. Ademais ó prorrogarse o Orzamento do 2020 ó 2021 existe un marxe importante, derivados dos axustes a baixa da prórroga, entre os gastos e ingresos no financeiro que podería compensar inestabilidades orzamentarias de modificacións de crédito. Isto ó marxe de que actualmente o Goberno da Nación suspendeu as regras fiscais, entre elas as de estabilidade orzamentaria, polo que tampouco existiría impedimento legal ningún si se producira inestabilidade.

O anterior referido á estabilidade orzamentaria infórmase ós efectos de dar cumprimento ao artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, no caso de que se puidese entender vixente por non estar previsto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, que é posterior o citado Real Decreto, o informe da Intervención a estabilidade orzamentaria das modificacións orzamentarias

II.- Exame do expediente

O obxecto do expediente é aprobación do anexo de subvencións con imputación, por un lado á dotación orzamentaria existente do capítulo IV do estado de gastos prorrogado, e a modificación orzamentaria que agora tramitase, ampliando o citado capítulo en 833.314,75 €, polo outro. Tamén se configura como subvención nominativa con cargo ó capítulo VII cuxa dotación orzamentaria foi prorrogada un convenio co ministerio de fomento para a construción das vías de servizo do enlace coa A6, a cal tamén afecta os investimentos a nivel de capítulo VII en canto transferencia de capital que é.

En todo caso, como xa temos dito noutros casos, en ningún caso a aprobación do anexo de subvencións predetermina o sentido da fiscalización cando se tramiten os diferentes expedientes de concesión das subvenciones e sinatura dos convenios.

III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nin alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor.

Non obstante, a proposta remite a aprobación única inmediatamente executiva prevista excepcionalmente no artigo 177.6 do TRLRFL. O artigo 177.6 do TRLRFL, establece o seguinte:

“Os acordos das entidades locais que teñan por obxecto a habilitación ou suplemento de créditos en casos de calamidades públicas ou de natureza análoga de excepcional interese xeral, serán inmediatamente executivos, sen prexuízo das reclamacións que contra eles promovésense, as cales deberán sustanciarse dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro de devandito prazo.”

No mesmo sentido, aparece regulado no 38.4 do RD 500/1990 que establece:

“Os Acordos das Entidades locais que teñan por obxecto a concesión de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito, en casos de calamidade pública ou de natureza análoga, de excepcional interese xeral serán inmediatamente executivos sen prexuízo das reclamacións que

contra os mesmos promóvanse. Ditas reclamacións deberán sustanciarse dentro dos oito días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas de non notificarse a súa resolución ao interesado dentro de devandito prazo. (Artigo 158.6, LRFL).”

A Memoria da Alcaldía xustifica a aplicación deste artigo pola “*contorna de disposicións normativas, xunto con decisións de orde institucional e administrativo , no marco das competencias municipais que nos asisten e na necesidade de tomar medidas inmediatas para paliar o dano sanitario, social e económico desta pandémica situación, xustifícase a tramitación excepcional de emerxencia desta modificación do Anexo de Subvencións Nominativas ao abeiro do artigo 177.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL), posto que na aplicación das normas debe terse presente a realidade social en presenza (artigo 3.1 do Código civil).*”

A utilización deste mecanismo, en canto excepción que é, debería limitarse os casos de expedientes, como o M2/2020, cuxo fin concreto sexa paliar directamente a “calamidade pública”, pero non nun expediente xeral e ordinario que trata de cumprir coas políticas públicas de fomento clásicas das entidades locais. De admitirse esta excepción habería de xeneralizarse para todas as modificacións de competencia plenaria que de agora en adiante poida tramitarse en tanto a situación pandémica permanezca no tempo. Polo que na nosa opinión non debería tramitarse pola vía excepcional do artigo 177.6 do TRLRHL, do cal faise a advertencia e salvidade oportuna.

En todo caso o expediente debe ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Con todo, a teor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto de modificación do Orzamento que agora se tramita.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.



LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DECRETO DA ALCALDIA

De conformidade co art. 191.2 do RDL 2/2004 Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e preceptos que a desenrolan, corresponde á Alcaldía a aprobación da liquidación do orzamento e resolver sobre a incorporación dos remanentes de crédito procedentes do exercicio 2019 ao actual de 2020.

Visto o informe de data 10 de marzo de 2020 da Tesourería Xeral, centro directivo da contabilidade, de conformidade co art. 137 do ROM,


RESOLVO

1.- Aprobar o Estado de Liquidación do Orzamento co seguinte:

RESUMO

1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRENTE.

ESTADO DE GASTOS	CREDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	DIFERENCIA	PAGOS LIQUIDOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO
GASTOS DE PERSOAL	68.526.195,17	66.017.186,12	2.509.009,05	65.868.892,04	148.294,08
GASTOS BS E SERV. CORRENTES	119.584.813,13	107.156.447,06	12.428.366,07	105.942.691,03	1.213.756,03
GASTOS FINANCIEROS	368.103,42	228.882,57	139.220,85	228.882,57	0,00
TRANSFERENC. CORRENTES	32.552.707,12	31.403.467,08	1.149.240,04	30.834.901,29	568.565,79
FONDO DE CONTINXENCIA	20.000,00	0,00	20.000,00	0,00	0,00
TOTAL OPERAC. CORRENTES	221.051.818,84	204.805.982,83	16.245.836,01	202.875.366,93	1.930.615,90
INVERSIÓNS REAIS	44.244.220,93	9.730.392,43	34.513.828,50	9.691.787,35	38.605,08
TRANSFERENC. DE CAPITAL	13.262.659,24	1.588.663,32	11.673.995,92	1.530.847,20	57.816,12
ACTIVOS FINANCIEROS	295.887,03	291.619,25	4.267,78	291.619,25	0,00
PASIVOS FINANCIEROS	12.745.114,01	12.629.662,30	115.451,71	12.629.662,30	0,00
TOTAL OPERAC. CAPITAL	70.547.881,21	24.240.337,30	46.307.543,91	24.143.916,10	96.421,20
TOTAL CAPITULOS	291.599.700,05	229.046.320,13	62.553.379,92	227.019.283,03	2.027.037,10



ESTADO DE INGRESOS	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS LIQUIDADOS NETOS	DIFERENCIA	RECADACION NETA	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
IMPOSTOS DIRECTOS	100.175.234,47	96.571.688,05	3.603.546,42	89.147.054,07	7.424.633,98
IMPOSTOS INDIRECTOS	8.244.835,21	9.527.774,11	-1.282.938,90	9.176.035,35	351.738,76
TAXAS E OUTROS INGRESOS	49.841.328,68	47.086.450,18	2.754.878,50	42.955.769,70	4.130.680,48
TRANSFERENC. CORRENTES	73.624.681,72	72.812.044,53	812.637,19	66.868.673,71	5.943.370,82
INGRESOS PATRIMONIAIS	8.273.729,65	4.351.541,59	3.922.188,06	3.177.430,26	1.174.111,33
TOTAL OPERAC. CORRENTES	240.159.809,73	230.349.498,46	9.810.311,27	211.324.963,09	19.024.535,37
INVERSIONS REAIS	3,00	48.023,32	-48.020,32	48.023,32	0,00
TRANSFERENC. DE CAPITAL	21.981.933,69	2.601.970,81	19.379.962,88	2.601.970,81	0,00
ACTIVOS FINANCIEROS	30.582.842,90	311.295,07	30.271.547,83	311.295,07	0,00
PASIVOS FINANCIEROS	24.223.793,40	7.610.046,63	16.613.746,77	7.610.046,63	0,00
TOTAL OPERAC. CAPITAL	76.788.572,99	10.571.335,83	66.217.237,16	10.571.335,83	0,00
TOTAL CAPTULOS	316.948.382,72	240.920.834,29	76.027.548,43	221.896.298,92	19.024.535,37

2. LIQUIDACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

ESTADO DE INGRESOS DEREITOS RECOÑECIDOS A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	DEREITOS CANCELADOS ANULADOS	COBROS	DEREITOS PENDENTES DE COBRO
92.342.405,16	-214.774,74	8.323.866,93	19.381.838,73	64.421.924,76

ESTADOS DE GASTOS OBRIGAS RECOÑECIDAS A 1 DE XANEIRO	MODIF. SALDO INICIAL	PRESCRIPCION	PAGOS	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO
9.032.184,49	0,00	0,00	8.645.122,56	387.061,93

3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO.

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a) operacions correntes	230.349.498,46	204.805.982,83		25.543.515,63
b) operacions de capital	2.649.994,13	11.319.055,75		-8.669.061,62
I. Total ops. Non financeiras (a+b)	232.999.492,59	216.125.038,58		16.874.454,01
c) activos financeiros	311.295,07	291.619,25		19.675,82
d) pasivos financeiros	7.610.046,63	12.629.662,30		-5.019.615,67
2. Total ops. Financeiras (c+d)	7.921.341,70	12.921.281,55		-4.999.939,85
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2)	240.920.834,29	229.046.320,13		11.874.514,16
AXUSTES				
3.- Créditos gastados financiados con remanente de tesoureira para gastos xerais			12.532.082,15	
4.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio			9.213.268,14	
5.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio			12.291.771,01	
II. TOTAL AXUSTES (II = 3 + 4 - 5)			9.453.579,28	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)				21.328.093,44



4. REMANENTES DE CRÉDITO.

CAPITULOS	REMANENTE NON COMPROMETIDO			REMANENTE COMPROMETIDO	TOTAL
	DISPONIBLE	RETIDO	AUTORIZADO		
CAPITULO 1	2.506.920,43	0,00	0,00	2.088,62	2.509.009,05
CAPITULO 2	7.846.798,59	648.592,92	897.139,30	3.035.855,26	12.428.366,07
CAPITULO 3	139.220,85	0,00	0,00	0,00	139.220,85
CAPITULO 4	715.624,00	159.931,26	2.315,00	271.369,78	1.149.240,04
CAPITULO 5	20.000,00	0,00	0,00	0,00	20.000,00
CAPITULO 6	26.910.716,51	57.149,04	4.525.998,58	3.019.964,37	34.513.828,50
CAPITULO 7	5.646.207,34	339.830,46	0,00	5.687.958,12	11.673.995,92
CAPITULO 8	4.267,78	0,00	0,00	0,00	4.267,78
CAPITULO 9	115.451,71	0,00	0,00	0,00	115.451,71
TOTAIS	43.905.207,21	1.205.503,68	5.425.432,88	12.017.236,15	62.553.379,92

5. REMANENTE DE TESOURERÍA.

Está integrado pola diferenza entre a suma dos dereitos pendentes de cobro máis os fondos líquidos e as obrigas pendentes de pagamento, todos eles referidos a 31 de decembro de 2019. Regúlase no art. 191 do R.D. Lex. 2/2004, de 5 de marzo, art. 101 do R.D. 500/90 e na Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade.

	IMPORTES DO EXERCICIO	
1. (+) Fondos Líquidos		33.771.615,49
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		85.168.122,78
+ Orzamento Corrente	19.024.535,37	
+ Orzamentos Pechados	64.421.924,76	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	1.721.662,65	
3. (-) Obrigas pendentes de pagamento		15.380.535,83
+ Orzamento Corrente	2.027.037,10	
+ Orzamentos Pechados	387.061,93	
+ Outras Operacións non Orzamentarias	12.966.436,80	
4. (+) Partidas pendentes de aplicación		-186.364,97
- Cobros pendentes de aplicación definitiva	-1.019.784,98	
+ Pagamentos pendentes de aplicación definitiva	833.420,01	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4)		103.372.837,47
II. Saldos de dubidoso cobro		68.314.532,78
III. Exceso de financiación afectada		20.476.617,76
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III)		14.581.686,93

2.- O Remanente líquido dispoñible para gastos xerais incorporárase como recurso dispoñible para incorporación de remanentes de crédito, no seu caso, procedentes do exercicio 2019 ou para novos gastos ao orzamento de 2020, na forma regulamentaria.

4.- Darase conta ao Pleno e remitirase copia á Administración do Estado e á Xunta de Galicia segundo o disposto no art. 193.5 do RDL 2/2004 Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

A Coruña, na data de sinatura electrónica deste documento.

A ALCALDESA

AYTO.CORUÑA

Fecha Obtención: 22/02/2021

7:58:53

PRESUPUESTO DE INGRESOS 2021

ESTADO DE EJECUCIÓN DESDE 1/1/2021 HASTA 19/2/2021


Pág. 1

Clasificación CAPÍTULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Previsiones Iniciales	Modificaciones	Previsiones Definitivas	Derechos Netos	Ingresos Realizados	Devoluciones de Ingresos	Recaudación Líquida	Pendiente de Cobro	Estado de Ejecución
1	Impuestos directos.	104.908.641,14		104.908.641,14	-543.913,99		543.913,99	-543.913,99		-105.452.555,13
2	Impuestos indirectos.	9.715.748,46		9.715.748,46	-503,70		503,70	-503,70		-9.716.252,16
3	Tasas, precios públicos y otros ingresos.	51.927.983,11		51.927.983,11	-4.379,98	12.317,35	16.697,33	-4.379,98		-51.932.363,09
4	Transferencia corrientes.	73.106.855,14	2.378.426,09	75.485.281,23						-75.485.281,23
5	Ingresos patrimoniales.	10.765.959,07		10.765.959,07						-10.765.959,07
6	Enajenación de inversiones reales.	4,00		4,00						-4,00
7	Transferencias de capital.	2.624.806,08		2.624.806,08						-2.624.806,08
8	Activos financieros.	2,00	20.299,23	20.301,23	24.941,79	24.941,79		24.941,79		4.640,56
9	Pasivos financieros.	6.950.001,00		6.950.001,00						-6.950.001,00
	Suma Total Ingresos.	260.000.000,00	2.398.725,32	262.398.725,32	-523.855,88	37.259,14	561.115,02	-523.855,88		-262.922.581,20

PRESUPUESTO DE GASTOS 2021

Clasificación CAPÍTULO	DENOMINACIÓN DE LOS CAPÍTULOS	Créditos Iniciales	Modificaciones	Créditos Totales	Obligaciones Reconocidas	Pagos Realizados	Reintegros de Gastos	Pagos Líquidos	Pendiente de Pago	Estado de Ejecución
1	GASTOS DE PERSONAL.	67.731.056,73		67.731.056,73	5.034.739,05	3.762.681,27		3.762.681,27	1.272.057,78	62.696.317,68
